

DA MAN DE MARCELO

Moitos anos despois volvémonos encontrar naquel lugar que críamos encantado. Deixáramos pasar tanto tempo que ó acadarmos á cita, polo menos eu, tíña medo de non poder recoñecelo. Prometeramos aquel último día que permaneceríamos en contacto, léndonos e escoitándonos, pero despois daquela tarde non tivémo-lo valor suficiente para cumprir o prometido. Quizais fora mellor así, para non naufragar naqueles desexos que dun momento a outro podían volverse tanxíbles.

Volvémonos encontrar moitos anos despois cando críamos que a paixón que nos unira só permanecía acesa nas lembranzas da Xuventude. A gravidade conseguira facer do meu corpo outro moi diferente, cun relevo descoñecido e oculto baixo teas escuras.

El, pola contra, non era alguén diferente, senón simplemente o reflexo distorsionado daquel galán que fora e que aínda levaba dentro (eu vínllo agromar polos ollos cando me Saudou). Levaba a experiencia gravada na fronte.

Aquela historia nosa podería parecer para vos, que non a vivísteis, un caótico compendio de sentimentos ilustrisimamente castos, de inocentes desexos que nunca se encarnaron. Pero nunca foi así, nunca anhelamos unha tarde xuntos paseando polas ríbeiras do río, nunca bailamos inocentes, alleos o que vivíamos. Se bailabamos era para arrimámonos o mais posible convertendo aqueles dous centímetros que nos separaban na muralla mais alta e insalvable xamais construída, xuntar os corazóns, aspirar o un do outro o aroma inconfundible do desexo. Cando bailabamos, amabámonos ante os ollos de Centeaes de persoas incapaces de imaxinar nin tan sequera todo o que polas nosas mentes pasaba. As miñas meixelas enroibadas nacían para os demais como a immaculada vergoña da rapariga casadeira que a penas comeza a mocear, pola contra, eu sabía que aquel cálido rubor era o síntoma delator e inequívoco de imaxinarme danzando espida entre os seus brazos.

El apiques de casar e eu inocente aprendiz de costura, sen dicírmolos nada, sabíamos perfectamente o que o outro pensaba. Comezamos a vernos as agachadas cerca do río neses meses que anuncian a primavera cun sol frío. Nunha paraxe ideal, os amantes ideais xogaban, cándidos, nunha randeira, nos sen embargo, embriagabámola alma con caricias furtivas que buscaban esconderse do entorno. Un leve roce da man na meixela, a simple presenza dos labios do compañeiro achegándose paseníño ós meus, o ollar tranquilo, o murmurio do río escondendo as palabras cantadas ó oído do outro. El, dono de si mesmo e da miña propia persoa perdéndose no meu pescozo, unha man temerosa liberando o primeiro botón da camisa, o segundo, o terceiro... a camisa no sinople manto da herba. Un riso tímido e pícaro a vez refuxiándose no meu rostro tranquilo. Apértame contra si, desabotoa a saia, mírame ós ollos, baixa a cremalleira a modiño, querendo dar-me tempo para frealo, cóllolle as mans que me rodean, a saia caída na beiriña da auga fresca. Afástame e contéplame medio avergoñada tan só vestída coa combinación de seda e o encaixe branco feito pola miña nai. Ninguén me vira así nunca, só el co seu cativador ollar, repasando cada enrugada da combinación, cada curva insinuada do corpo, achégase de novo e tírame a auga clara e mansa, todo o que quería venlle dado en transparecías, todo o que eu quería estaba ali.

Pasou o tempo e aproximouse a época do seu matrimonio e se hei de dicir a verdade, para o meu pesar, el estaba feliz, medio engaiolado pola que sería a súa muller, pero por outra banda aínda preso de min. El mesmo mo confesou unha vez, dixéramo nun daqueles encontros pecaminosos nos que nunca ocorría nada. Queríaa, queríaa para pasar as tardes de inverno na calor confortante da cheminea, para vivir o Nadal no seo dunha gran familia, para pasear polo Parque do Norte collidos do brazo.

En que lugar me deixaba aquela confesión?, a que estatus me relegaba?, anos máis tarde, no mesmo momento en que eu pisei o altar, entendino todo: a tranquilidade persoal e a estabilidade económica. Si! Que materialistas, que pampos namorados, abandoalo todo para ter pan... vós non estabades alí.

Logo de Casar el, tentamos afastarnos un do outro, pero Canto mais o faciamos mais xuntos no encontrabamos. Se eu ía a igrexa, Cuberta Co veo de encaixe, Como era tradición na época, el había de estar alí e habla de buscar os meus ollos tal e Como facía cando me desabotoaba a Camisa preto do río, a aínda ali, naquela sacra distancia víñame á memoria a sua man na miña pema, o seu peito preto do meu,— o seu índice no meu pescozo, Non o puiden aturar mais e véndome incapaz de Sobrepoñerme a tal situación abandoeíme á necesidade humana de falar Con alguén. A única persoa á que coñecía capaz de gardar un segredo foi Don Celestino, o mellor lugar que atopei para deixar escapar as bágoas e a desesperación foi o habitaculo fno de Castaño dun confesionario. Oito rosarios e unha absolución foi o único que gañei, posto que fora a onde fora ali estaba el, xunto a sua dona. Crínmc enferma, tola, horriblemente obsesionada, ata que me decatei de que cando o vía, non era o corpo quen respondía cun súbito desexo material, era o corazón o que Se desbocaba cun repentino anhelo de plenitude que nunca puiden saldar. El Xa era doutra e a min o único que me quedaban eran as augas mansas e frías do río, e de vez en cando ía correndo a refuxiarme nelas, entre a ramaxe espesa dos salgueiros, ben lonx de miradas indiscretas. E non me bastaba Coa simple Contemplación delas, entraba no río en combinación, tal C Como el me tirara daquela vez, pechaba os ollos para sentir mellor o Correr da auga sobre a miña pel, limpando Co seu correr Continuo os pensamentos que me Condenaban a aquela estraña soidade. Estraña por que cando pechaba os ollos, el volvía onda min e eu voaba onda el. Aquel néctar escorria pola miña gorxa, desfacéndose en agarimos aterciopelados, o aroma Sublime emanando do corpo tostado Non hai nada Como o Café nunha maña de orballo e teas de néboa. Pasara Xa tempo dende toda aquela historia miña, tanto millo sementado e recollido, tanto líño tecido C Sen embargo, logo de Casares eu, unha maña de néboa, mentres Sostiña entre as miñas mans unha taciña de Café C deixaba naufragar a vista Sobre un val que espertaba novo, listo para Ser estreado Co trasego de Cotío, volvéronme á memoria aquelas tardes no río, aqueles Sacros encontros na igrexa. Sentín de Súpeto as Sùas Caricias, as suas maras onde nunca antes estiveran, souben do seu Corpo moi preto do meu C por un mínimo instante Crino dentro de min, do meu propio ser, derramando murmurios os oídos da alma. Pero non era el, tratábase do outro ñrmante do Contrato, daquel Co que a partir dagora o Compartiría todo: teito, leite, Corpo, desenganos, Cartos, preocupacións, ñllos, tarefas e obrigas. Nin Sequera o Corazón me había pertencer a min, pero tampouco o meu home-, ata tal punto

Chegaba a miña pobreza.

Por Cousas, non Sei Se do destino ou da arbitrariedade do universo, Cheguei a traballar onda el, nunha luxosa oficina. Eu límpaba C facía arranxos textís de urxencia: subir pantalons, Coser botóns, Colocar gravatas el, poia Contra, movíase entre papeis e

libros, non quitaba o po pero removíao bastante con aquelas mans áxiles. Nada me dixo

cando me viu, rtada lle intentei dicir pero ben sei que me sentiu preto na distancia, que Soubo que os meus ollos eran os que o agarimaban, os que o espían, os que o bicaban

cunha doce paixón que, de reterse, agromaría de sùpeto nunha luxuriosa fonte de anhelos feitos acto. Confesaríame rnoitos anos despois que aquela mesma noite me imaxinara na Casa de lbia, deitada inerme o Caron da lareira, tan só Co escudo protector

da miña propia imaxe vestida, unicamente, Co resplandor do lume e das muxicas que

ascendían veloces o ceo Como aquela necesidade sua de Converterme na súa muller. O

soño rematara ali, asasinado por unha Csposa Solicita que lle levaba O almorzo a cama.

Non debiamos nin quíxemos prolongar mais aquela relación de xogos que só rios aportaba mais e mais preocupacións. Cada un de nós tiña xa unha vida construída ou, mellor dito, a medio construír C xa eran bastante febles os cimentos Como para divertirnos desatando vendavaís. A Última vez que nos vimos foi na sua Casa C por invitación da Súa propia muller, para a que Cu non era májs que unha Vella amiga C veciña do seu home.

Encontrei naquel lugar: Café Cn porcelana fina, libros soñadores Cn andeis de Castaño, Cncaixe, recendo de piñeiro C lavanda. Pero por riba de todo O material, encontrei a dúas persoas que Se idolatraban, el mirabaa Como nunca me mirara a min,

cuns ollos aterciopelados C un esbozo de Soriso Case ímperceptible nos beizos, aqueles

beizos que tantas veces foran meus. Pasámola tarde falando no estudio do piso Superior,

falando Como se foramos amigos de toda a vida, respirábase un aire tan fraternal que chegaba a abafarme. Dende o gran ventanal do estudio podíarnos ver as brancas escumas do mar penetrando Con ímpeto entre as femineas rochas do cantil C ó son daquel vaivén decidín afastarme para Sempre daquel Ser que tantos anos me rivera presa.

À noite, cando Xa murchaban os últimos raios de luz despedímonos na porta, logo de prometémronos mutuamente Continuar en Contacto, corrín Cara a miña Casa. El

entrou na Calor do fogar seguro, C non puiden deixar de imaxinalos naquela fermosa cama Con dosel, os dous gardados polo pano fino da cama, sumidos no baile Supremo

dos agarimos, indo a aquel lugar no que sempre desexei Cncontrarme con Cl, perdéndose

na inmensidade dese oasis que tentabamos vislumbrar cando Cramos mais novos no río,

tralos muros afastados do muíño ou Coa proximidade dos corpos nos inocentes pasodobres dun domingo á tarde.

Volví 6 lar, e nada mais pechar a porta tras de min Souben que non o volvería ver, Carníñei paseniño polos Corredores de madeira na absoluta escuridade. Descansaba

na Cama alleo a todo e todos, alleo a min, nin sequera se moveu cando me Cscoitou

entrar, nin Sequera me Sentiu deitarme na Cama. Sen embargo, dalí a un anaco veu buscarme, espértame Coa Súa quentura C os seus felinos movementos: xogaba Comigo, era a súa presa favorita. Correspondino coas caricias que tanto lle gustaban, O lombo, o peseozo, Cstiràbase o longo da Carna e ofrecíase Cnteiro, abandoabase as miñas atencións mentres eu perdía os dedos na espesura do seu suave pelo negro, Cravábame OS Seus ollos divertidos. Que gatiño aquel, negro Como o acibeche, Sempre atento os movementos da dona, parecía Cntendolo todo, Como se a través daquelas cóxegas e Caricias puidese verme nadando no río, envolta pola transparencia do raso C o encaixe, Cxhjbindo sonrosada os meandros dun corpo no que apuntaban Xa as formas femininas, O pelo negro caía sobre os ombreiros C deixaba viaxar perdidas polo pescozo pingas de auga fresca que desexaban Ser presa dos beizos daquel que me contemplaba, Case impasible. A auga era o perfecto molde no que fabricar Soños e desexos limpos de todo medo. O tempo Seguía pasando, rápido unhas veces, lento outras, pero na maioría das veces parecíame que se quedara Cstancado, debía ser todo daquela incolora monotonía que vivía. Levarame tempo C traballo, mellor dito, levaranos tempo C traballo, pero chegamos a ter unha tenda de teas, Cu facía arranxos C patróns, tomaba medidas, encargaba teas. O meu home tan só viña cando tia tempo libre C sentaba nunha Cadeira, vendorne moverme toda tarde, dun lado a outro. Disque lle gustaba verme Correndo dun lado pa outro, dándolle indicacións a unha rapariga que tiñarnos Contratada Sen dubidar nin un So momento, sendo mais señora que todas aquelas linguas largas ataviadas Co traxe dos domingos que pasaban a tarde pedindo teas finas de Cstarcidos exóticos.

Houbo un tempo no que deu en vi pola tenda un home que se lle parecía moito a el, Co mesmo porœ, e o mesmo estilo no vestir, incluso diría que tiñan Case o mesmo talle. Souben que lle charnaban Marcelo. Certa tarde, estando o meu home sentado onde adoitaba, Chegou aquel novo galán, era outono e o vendaval obrigáralo a protexerse cun abrigo longo. Viña coa intención de que lle tomase unhas medidas para un traxe novo, azul escuro, tanto que Case parecía un negro luminoso. Algo ocorreu naquel instante no que entrou pola porta pois tiven a sensación de que o resto do mundo desaparecera, nin home, nin teas, nin tenda, nin rúa, nin vila, nin país, nin orbe algún no universo. So eu e o latexar dun corazón que regresaba por veces coa súa dona lexítima. Fíxenlle pasar a unha sala Contigua onde tiña as miñas notas e Cintas ménicas. So eu e Marcelo, ataviado aínda co seu abrigo longo. Dentro da tenda facía Calor, e aínda facía mais dentro daquela pequenas estancia

reservada ás probas e as medidas. Eu Continuaba innotizada por algo descoñecido, quizais aquela folla murcha que entrara xunto Con Marcelo empurrada polo vendaval Í ora a Causante do meu sonambulismo, ou quizais, dende o máis fondo do Ser desexara

correlo risco, tentar apartar aquel noxento aburrimiento, estaba farta de non poder ter o que quería. Levei a man ó primeiro boton da Camisa, logo o segundo, Marcelo dábame

as Costas e non podía ver C meu atrevemento, por último abrí o terceiro boton e deixei

que a Carnisa se abrise inocente ata o nacemento mesmo dos peitos. Collín a Cinta métrica, e coa maior naturalidade do mundo Comecei a tomarlle as medidas.

Marcelo Suaba, non Sei se por mor da Calor ou polo apuro que lle estaba a dar, non obstante, eu Contínuei coa miña labor Como se non me percatase daqueles sinais.

Retireille o abrigo dos ombros, aproximándome ben a el, rodeeino coa cinta pola peíto, pola Cintura, pola Cadeira, e logo axeonlleime para medirlle o longo da pemeira. Isto último ñxeno de tal Xeito que el puidese contemplar perfectamente aquel val no que lle permitiría perderse. Toda a miña labor leveina a Cabo coa maior calma posible e Canto

mais tardaba e me aproximaba, mais Suaba el, acelerábaselle o pulso. De xeonllos aínda,

dirixín á Vista Cara a petrina do pantalón, e estendían a man Cara o boton agarrándoo Con

ñrmeza, o pobre Marcelo quixo dar un chimpo pero Soubo Conterse, pesaba mais o desexo que a vergonza "ten vostede frouxo o boton, veña un día destes e asegúrollo Con fío da mesma Cor, non vaia Ser que perda o pantalón nun lugar pouco axeitado" Ó

rematar, Coloqueime diante daquel malpocado vítima da mina perversidade e craveille os ollos mentres tentaba en balde Cerrala Camisa, naquel mesmo momento as mens de

Marcelo viñeron varar o Cuarto botón, obxecto que abandoaron Cunha leve earicia para

buscar o terceiro e introduciilo Con tino e Suavidade no ollal, cunha lentitude Suprema, rozando debilmente a pel que lle ofrecía, cerrou toda a camisa, Sen embargo apuntaban

vésperas de tempos diferentes.

Marcelo Comezou a vir asiduamente, Con encargos do mais tonto, só para recrearse véndome correr dun lado para outro, igual que facía o meu home nas súas tardes libres. En Certa ocasión eu amosáballe a Súa tía unhas teas estampadas en vermellos moi vivos, el pasou Con conñanza por detrás do mostrar, un xesto en aparencia inocente por que non quitaba os ollos da tea, tocándoa Como se entendese algo do que ali falabamos. Nin descoído meu, coa escusa de levar a man ó peto do seu

abrigo longo e aproveitando que O mostrador nos Cubria por riba da Cíntura foi buscando

a maneira de deixar esvarar a man por riba da Saia e deixala ali por longo tempo. Sen inmutarme Continuei falando coa súa nai, tentando Convencela da Calidade daqueles panos.

Tiven Con el moitos encontros así, tan breves e furtivos que non merece a pena nin recordalos. Pasaban os días e as horas sen traer nada novo nin especial, marcando o

seu Compas Co transcorrer das xelidas brisas que nos traía o mar. Fun eu a encargada de

Cortar polo san Con aqueles encontros antes de que pasaran a maiores. Non lle expliquei

o por que daquel Cambio repentino, nín quíxen explicarllo nunca, nin Sequera cando mo

preguntou Case dez anos despois. Resulta que en Certa ocasión Marcelo deixara uns pantalons na tenda para arranxarlles o largo das perneiras, Cando Comecei o traballe dinme conta de que lle quedara unha pequena Carteiraña dentro do peto esquerdo, temendo que puidera ter algún documento importante que lle í-XCSC falta abrira: o azar

volvía facer das suas falçatruadas. Foi entón cando o entendín todo: o seu parecido ñsico, as rniñas ansias por telo preto, os meus soños coa sua man oculta tralo viso bordado Dentro da Carteiraña quedaralle esquecida unha foto de voda de seus pais, el

que tantas veces tiña Xogado Comi go no rio estaba ali, altívo e galante, mirandome Como

me Cando me na ígrexa me írnaxmaba espida fronte o espello limpo das augas do río. A sua dona permanecía sentada nunha recatada postura que lle deixaba as maras amurruxadas derriba do colo, el tíñalle unha man no ombreíro, e aquela noite deixouna escorregar sobre O seu peito. Pensar que a súa tía estivera naquela mesma tenda, asistindo ignorante a un dos nosos encontros pensar que ó final, cando me Cría libre daquela sombra que tantas veces entrara de noite no meu Cuarto para regalarme Sensacións que nunca Crera que existiran, regresei a ela das rnans do seu propio ñllo. Moitos anos despois volvémonos encontrar naquel lugar que Criamos encantado, sos Coma sempre, e libres Xa de tódalas ataduras, Cando O Cansazo do noso Corpo non

parecía unha perfecta barreira, Sen embargo Xa non tíñamos motivos suficientes para mantérmonos afastados, non habla alianzas, nín fillos pequenos, run linguas largas, a aquelas alturas da vida Xa non nos importaba o que dixeran de nos, porque levaban dito tanto Moitos anos despois, naquel mesmo lugar decidímos falarlle un o outro Sen pór ninguriha Clase de traba ás Instorias vividas, entre nos ou Con outros.

Vestíamolos dous de negro, gardartdo luto por aquelas persoas que compartiran Case toda a nosa vida. Paseabamos coa Cabeza baíxa evitando que os nosos ollos se encontrasen Co Sol rabioso de primavera. había preto un lugar de herbas mais altas e fornos sentamos ali, rodeados da discreta verclume conteille as rniñas aventuras Con Marcelo, ñllo Co que Compartía Casa e nome e grazas o Cal volvíamos estar Xuntos. Escoltábame coa vista perdida nos montes do horizonte, Sen dícir ren e sem moverse, rnentres eu me deitaba na herba. Ó rematar de relatarlle aquilo vírou Cara min e míroume Como nunca antes o ñxera, Como se de repente desexara algo Con todas as suas

foxzas, OS ollos derramaban mel e lume ardente, non houbo mais resposta que un bico

nos beizos, longo, lento, suave, perversamente Sacro, inmaculadamente impuro. E Souben que o que retrasaramos tantas veces Con xogos viña agora tornado nun Crisol de

Sensacións. Víña agora que os meus peítos tomaran outro lugar, agora que o vestido da

pel cedera ó tempo, agora no meu pelo acibeche durmían farrapos de brétema, agora que

convertera aquilo na herdanza dos novos. Quítourne a Camísa acibeche Como aquela vez

no río, e deixei que chegara a onde nunea antes o ñxera, tentando coas suas mans e os

Seus beizo o terreo daquel mapa que tantas veces recorrera coa vista na dooe soidade do

seu cuarto. Por un momento esoaso fomos un e naquel mesmo intre en que o eramos,

Marcelo derramou unha bágoa, quizais por que Sabía que inmediatamente despois volveríamos a estar separados, Como Xa o estiveramos durante tantos anos, só habla unha diferenza, nada nos impedirla volver a Xuntamos.